

MARUXA DO RUEIRO 2 / 4
A PREMONICIÓN DA MORTE A TRAVÉS DOS SOÑOS



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_GaRo_0008_003_en_0_23_52_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_GaRo_0008_003_en_0_23_52.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Entrevista. Relato
MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 e ficha de contexto e transcripción
DURACIÓN: 0:11:55

DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA DA RECOLLIDA:** 27 de xullo de 1998
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/aldea/ barrio:** Bretal
 - Parroquia:** Olveira (Santa María)
 - Concello:** Ribeira
 - Provincia:** A Coruña
- **INFORMANTE**
 - Nome:** Maruxa do Rueiro
 - Data de nacemento:** 1945 (53 anos)
- **RECOLLEDOR/A:** Rosa García-Orellán
- **COMPILADORA:** Rosa García-Orellán
- **COLECCIÓN:** Rosa García-Orellán

NOTA DOS EDITORES

A presente entrevista forma parte das efectuadas pola antropóloga Dra. Rosa García Orellán como parte do traballo de campo da súa tese de doutoramento. As entrevistas foron estudadas e empregadas na elaboración de dito traballo pero este material pode ser analizado en moitos outros contextos. A Dra. García Orellán cedeu as súas gravacións orixinais en casete e as transcripcións que ela mesma fixera do seu contido ao APOI para que poidan ser compartidas con outras persoas interesadas.

CONTEXTO

Nota da recolla achegada pola compiladora: Maruxa é unha muller que vivía cerca da casa de Pérez, era costureira cando estaba solteira, e eu recordo de pequena de andar pola súa casa. O seu pai andou a navegar, e o seu marido tamén. Gañou ben de cartos nas perforadoras e ela aforrounos. Fixeron a casa onde están vivindo agora, que é de tres plantas e con moita capacidade; e tamén teñen o bar, frecuentado por moita xuventude. O seu marido está traballando no bar e ten dúas fillas: unha estudando maxisterio e a outra medicina. Son rapazas moi traballadoras e parece ser que sacan boas notas, algo anecdótico aquí na aldea, pois a maioría da xuventude que está fóra estudando anda con expediente, polo que di a xente, moi baixos.



Museo do Pobo Galego



instituto de estudos das identidades

TEMÁTICA DA ENTREVISTA

Esta é a parte 2/4 da entrevista a María do Ruego. O groso da conversa xira arredor da morte e as visións de mortos. Incidentalmente aparecen outros temas, como a recollida de argazo, unha actividade agro-marítima; ou as melloras nas comunicacións e na difusión de xornais nos anos sesenta, e seguintes, do século XX.

- Parte 1 (MPG_GaRo_0008_002_en_0_12_57.mp3; id 3679)
Os rezos polos defuntos. O cristianismo e a crenza do pobo.
- **Parte 2 (MPG_GaRo_0008_003_en_0_23_52.mp3; id 3680)**
A premonición da morte a través dos soños
- Parte 3 (MPG_GaRo_0008_004_en_0_35_46.mp3; id 3681)
A chegada do coche de liña e a confusión ca compañía.
- Parte 4 (MPG_GaRo_0008_005_en_0_44_18.mp3; id 3682)
Rituais arredor da morte. Do viático á volta do cemiterio.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi realizada pola compiladora e revisada polo persoal do APOI. Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA

GARCÍA ORELLÁN, Rosa (2001): *Hacia el encuentro de mi antropos: la muerte dinamo estructural de la vida*. Bilbao. Ed. Universidad del País Vasco

PALABRAS CHAVE

difuntos defuntos misas adevisas visión premonición morte argazo viático Santa Compañía cemiterio cemeterio funerais loito luto



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

TRANSCRICIÓN

Ven de MPG_GaRo_0008_002_en_0_12_57.mp3; id 3679

A PREMONICIÓN DA MORTE A TRAVÉS DOS SOÑOS

Rosa: *Adevisas. Tes adevisas?*

Maruxa: Eu... non en todo o mundo, pero en *personas* que teñen algo de relación connmigo. Eu, *bueno*, pois vouche a desir que sempre me pasa da *misma* maneira. Eu sei que non sei que é, pero sei que algo vai a pasar. E algo pasa...

R.: *Eso* pásalle a moitísima a xente, a moitísima... incluso a min mesma.

M.: Pásache?

R.: A moitísima. Eu mesma... Agora que morreu M^a Loli, eu soñeino a noite antes.

M.: Pois eu aghora cando morreu M^a Loliña, M^a Loli da Carretera... eu, dous días, dúas noites antes... eu non sabía que era ela, por *supuesto*, nin sabía quen era, pero sabía que algo relacionado connmigo, o *sea* connmigo ou cunha *persona* que apresio ou que tal... e ou que *tuvan* antes relación ou así...

R.: Moitísima xente...

M.: *Saleume ahora.*

R.: E cada persoa sínteo de distinta maneira.

M.: De distinta maneira. Eu fai uns días, fai quince ou vinte días, houbo aquí tres mortos seghidos.

R.: Na parroquia?

M.: Sí. Eu sabía que había de pasar algo, e que había de pasas tres veces, da forma... Porque a min sempre me pasa da *misma* forma, e sabía que había de ser... e efectivamente. A primeira *persona* que faltou tiña relación connmigo. As outras dúas non. Pero eran tres *personas*.

R: E que é o que sentes?

M.: *Bueno*, é unha cousa... Sempre a través de *sueños*.

R.: Igual que eu.

M.: Eu... non vaias a pensar que vexo cousas, o *sea*... consciente, aghora que estou aquí e vexo tal, non... Eu a través dos soños, pois vexo seica... Dáse a *casualidá*. Dáse a *casualidá*. O



sea, que non é *casualidadá*, porque sempre pasa algo. Cando hai soños... Porque os meus soños sempre son de... sempre algo así como *casi* da *misma* maneira, eh? *Entonses*, pois sempre pasa algo. E logo *dispois* tamén fai... Cando morrera mamá, pois ata había uns días... Eu alí estaba tempo. E tamén soñara con ela, e charlara con ela; eu sabía que estaba morta eh, non estaba charlando como nun soño calquera de *desir* “*bueno, pos* soñei con ela, *pos...*”. *No*, eu soñei... Eu estaba... Porque estaba alá abaixo, onde vivimos antes, alá abaixo; que aquí acabamos de... como quen di; hai catorse anos que vivimos aquí, levo a miña vida con mamá, nunca nos separamos pa nada, pa nada, pa nada. Pa nada. Porque das miñas fillas aínda me separei porque estaban (?) nos *colegios* e viñan *solamente* durmir, cun (?) ... e tamén estabamos, un estaba no barco, outro estaba aquí... pero con mamá nunca *jamás* me... Con papá tamén navegaba, tamén *iba* e *viña*... pero con mamá nunca *jamás* nos separamos; separounos a morte. Nunca *jamás*! Foi a única *persona* da vida que eu *jamás* me separei dela. Nada máis que ás veces que *iba* xunto a Manuel, que iba ao barco xunto del uns días, máximo dous meses, unha ves fun pasar como dous meses... despois nunca *jamás* me separei. *Entonses pos*, nada, a min... eu, unha das cousas que máis me chama a aten-... e penso, e pódeme (?) que non vou chegar á *misma* conclusión, que é imposible. Pero como será...? Eu sei... ‘tou convensida de que hai outra vida pero non sei como é, como será, como nos encontraremos alá con *el Señor*, como nos encontraremos cas *personas* queridas, cos *conosidos*... *Entonses* un día *pos* chegho alá abaixo e estaba mamá. Estaba... e eu xa sabía que morrera. Mamá tiña unha cara *resplandesiente*, aleighre, branca, unha cousa como reboando alegría, non? *Entonses* dígholle “Pero *usté* que fai aquí?”, “Estou aquí”, “E logho?” “Ai, *Dios mío!* Ai, que aleighría mamaíña! Mamá, mira, eu voulle preghuntar unha cousa. *É verdad*, todo cando nos din aquí... *é verdad?*” Eu quería preghuntarlle que... “todo o que nos ensinan aquí, todo *eso* é *verdad?*” E dime mamá, cunha cara *resplandesiente*: “Que ben se está! Pero que ben se está!”. Non me dixo nin que si... Solo me dixo que se estaba de marabilla, que se estaba moi ben... E xa non me acordo máis.

R.: E desapareceu?

M.: Si.

R.: Ela onde estaba? Onde a encontraches, dentro da casa?

M.: *No, no*, estaba no seu... Nós temos... que non che podó explicar, que non sabes....

R.: Eu conozo a túa casa de abaixo, de pequena estiven moitas veces alí!

M.: Non sabes que temos un cuarto de baño peghado ao cuarto de costura? No taller de costura.

R.: Si, si, eu acórdome!

M.: *Bueno*, pois naquela porta é onde *tiñamos* o cuarto de baño, por culpa das *chavalas*, para non pasar por dentro e xente que viña a costura, pois... e alí naquela porta, pois alí estaba ela.

R.: E estaba de pé?



M.: E así, si, de pé, de pé, *resplandesiente* e vestida! Vestida... non me acordo *ahora* que vestido tiña, pero *vamos*, normal. Mamá usaba así unhas batas escotadas, así moi... Amais tiña *ochenta* e tres anos, pero vestía... normal, non era a clásica velliña que estaba encollidiña...

R.: Non, era unha muller moi dereita.

M.: Si, e *bueno*.

R.: Eu recórdoa, eh. Moito ademais. Ti paréceste moito a ela. Sodes iguais...

M.: Eu son ela, si... E quéroche *desir* que eu... é cando vai morrer, si é calquera *persona*, *dispois* non... pero antes si. Eu teño...

R.: Pero é en soños sempre?

M.: Si, pra que che vou a *desir*, é en soños.

R.: É durmindo.

M.: É *dormindo*, pero dáse a *casualidad* que... *bueno*, a min tenme pasado tamén *sin ser dormida*, pero unha *ráfaga* de... entendes? Cando morreu a miña tía, unha irmá de mamá, eu estaba aí tomando un café na cosiña e de repente pasou unha señora, así como crusando...

R.: Unha señora?

M.: Unha señora. E pasou, que cousa máis rara...

R.: Pero diante de ti?

M.: Como por *ejemplo*, estaba eu aí nesa mesa, e pasou diante pola porta do bar, unha cousa rapidísima. E fun inmediatamente, e sabes... acababa de abrir, o que é abrir e levantar as persianas, abri-la porta, poñerme a tomar o café e pasou. Nada, aos dous días... E *bueno*, cando morreu papá, incluso me levantei. Eu levanteime e fun alí abaixo xunto del. Claro, pero tamén che vou a *desir*, que podía tamén ser unha obsesión miña, porque eu de papá sabía que *iba* a morrer, que tiña un mal irreversible, e dixéronmo a min os médicos. Falara eu cos médicos, nin sabía mamá, as nenas eran pequenas... *Solamente* estaba tragando eu, entendes? Eu a mamá non lle quería dar ese *disgusto*... Foi desas mortes xa rapidamente, e todos pensaban que *iba* a recuperar e eu sabía que non, *entonces pudo* ser unha obsesión. *Pudo* ser unha obsesión miña, eh. Como estaba durmida, como estaba con aquilo na cabeza, *pudera* ser... Sei que non se pode contar como unha cousa real, a ver si me entendes. Real é o que estás tranquilamente e que che pasa *eso*, *eso* é unha cousa que non ten moita *lógica*... *Ahora*, o de papá, eu, que llo teño contado así ás rapazas e así, a Manuel... pois tamén lle *desía* que *eso*, que podía ser unha obsesión. É que obviamente *pudo* ser... Ti que estabas tódalas *veses* con aquela obsesión de *desir*, pois, “en *calquer* momento, váiseme quedar... ténome que *despertar*, porque de noite, senón adormeso porque...”. O *sea* que... e todo aquilo podía influír no...



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

entendes... en min. E tampouco non é unha cousa de que... tampouco non é unha cousa de *desir* pasoume esto, porque *pudo* ser a miña... *pudo* ser unha obsesión.

R.: Pero que che pasou?

M.: Pois nada, que sentín uns rúidos grandísimos chamando por min abaixo. “Papá, o voso papá...”. Baixei rapidamente e practicamente estaba *dormido* como unha pedra. [dille o seu pai] “Pero que pasa! Oh, pero déixame durmir, muller, para unha hora que teño de descanso! Déixame tranquilo! Pero ti como...? A esta hora, *despertarme!* Pero que filla esta!”. Pero *bueno*, *pudo* ser...

R.: E morreu pronto xa, non?

M.: Si, pero *bueno* xa sería de cáncer. (?) Xa lle deron a morfina, morreu xa...

R.: Morreu sedado?

M.: Si... *No*, sedado *no!* Con morfina, non... non era morfina pra *atontalo*. Era pra...

R.: Pra dor.

M.: Si, si. Pero xa che digho...

R.: Cando ti eras nova tamén tiñas estas especies de *adevisas* ou isto ocorreche xa de casada cando eras maior? Ou cando ti eras nena...?

M.: *Bueno*, cando eu era nena non... non recordo. *Personales*, *pos eso*, *personales* non.

R.: Non recordas...

M.: De contarme cousas si. Como os medos. Sabes que *antiguamente*...

R.: Os contos a pé do lume...

M.: Os contos a pé do lume. A xente maior tiña tan pouca... tan pouco tacto que nos poñían como... vamos, que non sei como somos *personas normales*, porque nos metían... Esas cousas non se falan diante dos *críos*... Si é que estabas ca boca aberta diante deles, como eles se divertían... Os *chavales*, que nos descompoñíamos, mirando e oíndo aquelas *tonterías*, que parecen *tonterías*, pero hai que ter un pouco de... Diante dun crío non se poden falar desas cousas. Pero nós víamos... Eu recordo crusar o *pasillo* pra ensender unha lus, tiñan que vir comigo, non eras capaz... e era por *eso*. *Ahora* os *chavales* non teñen medo, teñen medo *lógico*, medo que lle *den un tortaso*, ou que (?) pero non se lle *ocurre* a ninguén ter medo na casa, dentro da casa. Ir a ensender a lus ou ir... non se lle pode... Nós...

R.: Que contos recordas deses?



M.: *Desos? Bueno, eu queríache desir... eu non creo moito na Compañía, e sabes por que? Eso non se lle pode desir á xente maior, porque eles ven e ven... pero queríache desir algo. Que agora é un chiste porque eu escacho de risa cando o oio, pero... que as señoras que lles pasou non sei como non tiveron a cargha, non sei como non quedaron alí xa patidifusas, o sea que aquí, pos eh... antiguamente, por esta sona (zona), non había medios de comunicación ningún.*

R.: Non, iso xa o recordo eu! Nos anos sesenta cando eu era neniña, aquí non había nada... A *carretera* era de pedra.

M.: Era de pedra, *bueno*. E recordas tamén...

R.: Non había luz.

M.: Que non había... *eso ni soñar!* Eu digo xa que non había...

R.: Eu viña da casa de Pérez con un fachuzo, ca miña avoa, á casa da Agra. E non había absolutamente nada! E fíxate ti, na casa da Agra, *semejante* casa, as dúas solas... era para morrer, non? De medo. A miña avoa chegaba a casa da Agra e ela sempre facía o mesmo ritual: *encender* a lareira, pórse a rezar o rosario, e despois á cama... as dúas a cama. Pero miña avoa estaba toda a noite rezando, durmíamos xuntas. E ás seis da mañá xa se levantaba pra ir á misa, ou sexa, que fíxate ti que vida entón!

Segue en MPG_GaRo_0008_004_en_0_12_57.mp3; id 3681